

drón Fiscal, que conterà os datos necesarios para a correcta xestión da taxa. As liquidacións anuais sucesivas e prazos de ingreso, notificaranse de xeito colectivo mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

3.—As cotas devengadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza esixiranse polo procedemento de constrinximento.

4.—Unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada anualmente mentres o interesado non presente declaración de baixa ou sexa revogada polo Concello, de acordo co que se estableza na Ordenanza municipal de circulación.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará automaticamente derogada a anterior "Ordenanza reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase", aprobada polo Pleno da Corporación o 29 de decembro de 2000, así como calquera outra disposición municipal que a contradiga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2005 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, a 23 de decembro de 2004.—O Alcalde, ilexible.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO, NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no art. 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello continúa aplicando a "Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen os feitos impondibles da taxa as utilizacións privativas e aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo do dominio público municipal.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público en beneficio particular como consecuencia da ocupación da vía pública por calquera elemento que constitúa o feito impondible desta taxa.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1.—Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.—No suposto de que o solicitante da licenza desista da mesma dentro do mes seguinte á data de entrada da solicitude no rexistro municipal, soamente aboará o 10% da cota que resultara aplicable á actividade solicitada, sempre e cando non houbera resolución da concesión da licenza. No caso de que xa se concedera ou denegara a preceptiva licenza a cota a pagar será do 20%.

2.—Para o demais, só se admitirán os beneficios fiscais que veñen establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será a cantidade resultante de aplicar as seguintes TARIFAS:

EPÍGRAFE 1º.—Guindastres:

—Por cada guindastre utilizado na construción, se o seu brazo ou pluma ocupa voo da vía pública: 75,00 euros/mes ou fracción

—Se calquera dos elementos toca o solo: 125,00 euros/mes ou fracción .

EPÍGRAFE 2º.—Tuberías. Ocupación da vía pública con tuberías. Por cada metro ou fracción/ano: 2,50 euros.

EPÍGRAFE 3º.—Por cada báscula, cabina fotográfica, máquinas de xerocopia, aparatos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, incluídas as bombas de gasolina e análogos. Por m2 ou fracción/ano: 20,00 euros.

EPÍGRAFE 4º.—Por ocupación do solo con valados, andamios, puntais e cabaletes:

CONCEPTO	UNIDADE	EUROS/DÍA	EUROS/MES
Valados	m ²	0,25	7,50
Andamios	ml	0,25	7,50
Puntais	elemento	0,35	10,50
Cabaletes	ml	0,25	7,50

EPÍGRAFE 5º.—Por ocupación do solo con mercadorías, materiais da construción e cascallos con instalación de colectores para a súa recollida:

CONCEPTO	UNIDADE	EUROS/DÍA	EUROS/MES
Mercadorías	m ²	0,35	10,5
Materiais de construción	m ²	0,50	15,00
Colectores de cascallo	m ²	0,50	15,00

NOTAS:

1.—EPÍGRAFE 1º: A contía que corresponde aboar ao guindastre pola ocupación de voo é compatible coa que, no seu caso, proceda por ter a súa base ou apoio na vía pública. O aboamento desta taxa non exime da obriga de obter a autorización municipal de instalación da guindastre.

2.—EPÍGRAFE 2º: Non obstante do anterior, para as empresas explotadoras de servicios de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da presente taxa consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, nun mínimo do 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal, de acordo co establecido no artigo 24. 1 c) do TRLFL.

Sen prexuízo do anterior, esta taxa será compatible con outras que poidan establecerse pola prestación de servicios ou a realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deberán ser suxeitos pasivos conforme ao establecido no art. 23. 1 b) do TRLFL, consonte ao disposto no artigo 24.1 c).

ARTIGO 7º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de obter a correspondente licenzia municipal.

b) Tratándose de aproveitamentos xa existentes, o día 1 de xaneiro de cada ano natural.

ARTIGO 8º.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

1.—As cantidades esixidas conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.—As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenzia.

3.—Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

4.—Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase a taxa co padrón anual de exaccións municipais.

5.—Coa fin de garantir en todo caso os dereitos da administración, toda solicitude de licenzia para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse dun xustificante do depósito previo desta taxa na tesourería municipal, calculado segundo os datos formulados polo interesado. O depósito provisional non causará dereito ningún e non faculta para realizar a ocupación, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licenzia. A liquidación, practicada conforme as normas anteriores, elevarase a definitiva unha vez concedida a licenzia, e se esta fose denegada o interesado poderá instar a devolución dos dereitos pagados.

6.—Rematado o servicio, o interesado presentará solicitude de baixa. Dita presentación de baixa surtirá efectos desde día 1 do período natural de tempo seguinte ao sinalado nos epígrafes da tarifa. A non presentación de baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa.

7.—As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse polo procedemento de constrinximento. 8.—Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza leve aparelhada a destrución ou deterioro do pavimento ou instalacións da vía pública, o beneficiario, sen prexuízo do

pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

Baixo ningún concepto se poderá condonar total nen parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributaria, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarse ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a anterior "Ordenanza reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos", aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 15 de outubro de 1998; a "Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas", aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 15 de outubro de 1998 e todas cantas disposicións anteriores que a contradigan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2005 ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, a 23 de decembro de 2004.—O Alcalde, ilexible.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS
POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS
ADMINISTRATIVOS**

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.4 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello continúa coa taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden o previsto no artigo 57 do citad Real Decreto.